

NOTA INFORMATIVA

DEREITO AO PERÍODO DE VACACIÓNS DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR LABORAL DA UNIVERSDADE DE VIGO

Á vista das reclamacións recibidas na Xerencia, relativas ao pagamento de períodos de vacacións non gozados por PDI contratado, cómpre realizar as seguintes advertencias:

1. As vacacións do persoal, son un dereito irrenunciable.
2. Tal como establece o artigo 36 do II Convenio Colectivo de PDI laboral da UDC, USC e UVI (DOGA nº 74 do 14/04/2011):

“O persoal terá dereito a gozar como mínimo, durante cada ano natural, dunhas vacacións retribuídas de vinte e dous días hábiles, ou dos días que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizo durante o ano foi menor. Para os efectos do previsto neste artigo, non se considerarán como días hábiles os sábados.”

“O período de vacacións gozarse no mes de agosto. As vacacións entenderanse concedidas neste mes sen necesidade de solicitude. De xeito excepcional, poderanse autorizar noutro período en que o traballador non teña asignada docencia, en intervalos mínimos de cinco días hábiles consecutivos.”

3. Parte do PDI laboral é contratado para o período lectivo de cada curso académico, habitualmente de setembro a xullo do ano seguinte. Isto provoca a imposibilidade temporal de que a este persoal se lle poida aplicar o artigo sinalado no punto 2, sobre o goce das vacacións no mes de agosto.

Para estes casos, ditáronse os “criterios para a concesión de permisos e licenzas para o profesorado da Universidade de Vigo” que se xunta (tamén se pode consultar na ligazón:

https://persoal.uvigo.es/opencms/export/sites/persoal/sites/default/microsites/persoal/galeria_documentos_uvigo/PDI/i17_criterios_permisos_licenzas_pdi.pdf

Nestes criterios, no primeiro epígrafe relativo ás vacacións, establécese no seu derradeiro parágrafo: “o profesorado contratado temporal deberá solicitar e gozar obrigatoriamente das vacacións, as que teña dereito, durante a vixencia do seu contrato nos períodos que non teña asignada docencia, incluídos os que, de acordo co calendario académico do curso correspondente se interrompe a docencia: nadal, entroido e/ou semana santa.”

4. A responsabilidade da concesión do período de vacacións que lle corresponda ao PDI sinalado no punto 3 é do Departamento de adscrición deste persoal, polo que todos os departamentos que contan con persoal nesta situación, deben organizarse de xeito que se concedan as vacacións obrigatorias dentro do período de duración dos contratos. Neste sentido, débese informar ás persoas contratadas cando inicien a súa prestación de servizos.

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800009s19N0000016

CSV

GEISER-6886-8053-ca36-4966-b052-73cb-cff0-71a8

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

25/01/2019 15:04:08 Horario peninsular

Validez del documento

Original



5. Agás situacións moi excepcionais, apreciadas pola Xerencia, NON procede o pagamento de períodos de vacacións non gozados. O caso que nos ocupa non é en absoluto unha situación excepcional, pois desde o inicio da relación contractual están establecidas diafanamente as datas de inicio e remate do contrato.

O que se comunica para o seu coñecemento e aos oportunos efectos.

Vigo, 25 de xaneiro de 2019
O VICEXERENTE DE RECURSOS HUMANOS

José González Groba

VICERREITOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO
XEFE DE SERVIZO DE PDI
ÁREAS DE APOIO Á XESTIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800009s19N0000016

CSV

GEISER-6886-8053-ca36-4966-b052-73cb-cff0-71a8

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

25/01/2019 15:04:08 Horario peninsular

Validez del documento

Original

